

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN

I. E. S “FÉLIX MURIEL” RIANXO

CURSO 2022-2023

Índice de contidos

1. INTRODUCCIÓN ¡Error! Marcador no definido.
2. ANÁLISE DO CONTEXTO E NORMATIVA REFERENTE ¡Error! Marcador no definido.
 - 2.1. Referencias legislativas ¡Error! Marcador no definido.
3. OBXECTIVOS. ¡Error! Marcador no definido.
 - 3.1. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE: ¡Error! Marcador no definido.
4. PLANIFICACIÓN XERAL E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.1. As actuacións prioritarias para o curso 2022–2023 son: ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.1.1. Actuacións relacionadas coa diversidade: ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.1.2. Actuacións relacionadas co plan de acción tutorial: ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.1.3. Actuacións en relación coa convivencia e a educación en valores: ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.1.4. Relacionadas co Plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.1.5. Relacionados co drdororienta/drdadi ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.2.1. OBXECTIVOS. ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.2.2. ACTIVIDADES. ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.2.3. Alumnado en risco de abandono escolar ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.2.4. Bacharelato ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.3. APOIO Ó PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE / ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.3.1. OBXECTIVOS ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.3.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.3.3. ACTUACIÓNES ESPECÍFICAS DO PLAN ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.4. PLAN ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.4.1. OBXECTIVOS ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.4.2. ACTUACIÓNES ¡Error! Marcador no definido.
 - 4.5. ATENCIÓN ÓS CENTROS ADSCRITOS E COORDINACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS ¡Error! Marcador no definido.
5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN ¡Error! Marcador no definido.

1. INTRODUCCIÓN

Orientación e tutoría forman parte da función docente e son considerados como factores fundamentais para a calidade e mellora educativa. Entendemos que toda educación é orientación en tanto preparación para á vida, e a orientación supón educar en canto a axuda e guía na maduración da personalidade de cada persoa, e da concreción do seu camiño na vida.

Así, *orientar é asesorar sobre camiños alternativos, educar na capacidade para tomar decisións, capacitar para o propio aprendizaxe e ofrecer ó alumnado o apoio que complete, reforce ou consolide á acción educativa.*

Deste xeito, o Departamento de Orientación constitúese como un órgano de coordinación docente para colaborar na planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade de capacidades, motivacións e intereses do alumnado.

A programación que realiza o departamento de orientación ao comezo de curso pretende ser realista tendo en conta ao tipo de alumnado do centro e as suxestións e necesidades detectadas polo profesorado nestes últimos anos. Tamén recolle as suxestións e indicacións que sinalan os xefes de departamento nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO E NORMATIVA REFERENTE

O IES Félix Muriel é un centro educativo que acolle ensinanzas de ESO, Bacharelato e un Ciclo de FP de Grao Medio da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade: “Atención a persoas en situación de dependencia”.

É o único centro de ensino secundario do Concello de Rianxo.

O noso alumnado provén fundamentalmente de tres centros de Primaria: CEIP Castelao, CEP Brea Segade e CEIP Ana María Diéguez, os tres do propio Concello.

A maioría das familias do noso alumnado viven directa ou indirectamente do mar: mariñeiros, traballadores do porto, e, sobre todo no caso das nais, traballadoras en factorías conserveiras. O nivel socioeconómico é maioritariamente medio e medio-baixo.

O centro situase nun contexto caracterizado pola existencia de diversas actividades culturais promovidas dende o propio concello e tamén múltiples asociacións.

Ademais da acción educativa dos centros educativos sinalados cabe sinalar que o Concello leva a cabo programas de formación de persoas adultas, cursos de formación ocupacional...

2.1. Referencias lexislativas

Nas que se basea a nosa acción orientadora son as seguintes:

Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).

Lei Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE), deroga a [LOMCE](#) e introduce modificacións na [LOE](#).

Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade autónoma de Galicia.

[Orde do 30 de xuño de 2022 pola que se autoriza a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos de titularidade desta consellería, de acordo coa nova ordenación establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación](#)

[Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, ESO e bacharelato no curso 2022/23](#)

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006.

Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 24 de Xullo de 1998 que o desenvolve e regulan dando coherencia á organización e funcións dos servizos de orientación na nosa comunidade.

Orde do 30 de xullo de 2007 polo que se regulan os programas de diversificación curricular na ESO.

Real Decreto, Decretos e Ordes que regulan a implantación e desenvolvemento dos ciclos formativos de grao medio e superior e Formación Básica.

Circular 10/2010 da Dirección xeral de Educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional.

[ORDE do 8 de setembro de 2021](#) pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG, 26/10/2021). [Corrección de erros, Orde do 8 de setembro de 2021](#). (DOG, 10/02/2022).

A [Orde do 20 de maio do 2022](#) pola que se aproba o **calendario escolar en Galicia para o curso 2022/2023** nos centros sostidos con fondos públicos.

[RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das](#)

[ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23](#)

FP:

[RESOLUCIÓN do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23.](#)

PRINCIPAIS NOVIDADES DA NOVA LEI EDUCATIVA:

- *Desaparece a clasificación das materias en troncais, específicas e de libre elección.*
- *Suprímense as probas finais de etapa en Primaria, ESO e Bacharelato.*
- *Desaparece a distinción entre opción de iniciación ao Bacharelato e opción de iniciación á FP en 4º da ESO.*
- *Durante o ensino obrigatorio poderase repetir curso un máximo de dúas veces, e de forma excepcional tamén en 4º da ESO aínda que se esgotaron as dúas permanencias.*
- *Ademais do título de Técnico Básico, o alumnado que supere un ciclo formativo de grao básico obterá o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.*
- *O Bacharelato Xeral constitúe unha nova modalidade que se suma ás de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, e Artes, xa existentes.*
- *Os alumnos e alumnas que teñan o título de Técnico de FP ou o título de Técnico en Artes Plásticas e Deseño poderán obter o título de Bacharel se superan as materias necesarias para alcanzar os obxectivos xerais do Bacharelato.*
- *Así mesmo, poderán obter o título de Bacharel na modalidade de Artes quen superase os Ensinos Profesionais de Música ou de Danza e as materias comúns de Bacharelato.*

3. OBXECTIVOS.

Podemos concretar os seguintes obxectivos xerais da orientación:

1. Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa.
2. Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando estas se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, evitando no posible fenómenos como o abandono, o fracaso e a inadaptación escolar.
3. Favorecer os procesos de maduración persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
4. Resaltar os aspectos orientadores da educación: "orientar na vida e para a vida", atendendo ao contexto real do alumnado e ao futuro que podan proxectar para si mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.

En síntese, estes obxectivos poden concretarse en:

- a) O desenvolvemento de todos os aspectos da persoa.
- b) A atención á diversidade.
- c) A preparación para unha toma de decisións responsable e madura.
- d) Prevención de futuros fracasos, abandonos e inadaptacións escolares.

3.1.CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

O carácter transversal do noso departamento fai que contribuíamos en maior ou menor medida ao desenvolvemento de tódalas competencias clave. Na nosa función de asesoramento metodolóxico ás persoas docentes, por exemplo, contribuíremos de xeito indirecto ao desenvolvemento daquelas competencias que se estean a traballar a materia en cuestión.

Na nosa labor no eido da acción tutorial, a orientación académica e profesional e o apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe, porén, incidimos de xeito directo no desenvolvemento das seguintes competencias:

Competencia en comunicación lingüística: Nas sesións de tutoría fomentaremos a linguaxe como instrumento para favorecer a comunicación e o intercambio de coñecementos e necesidades nas relacións próximas (a familia, as amizades e as compañeiras e compañeiros). No traballo que desenvolvemos pretendemos que o alumnado utilice a linguaxe como medio de expresión de emocións e sentimentos e faremos fincapé no uso dunha linguaxe non sexista nin discriminatoria de minorías étnicas ou afectivo-sexuais.

Competencia dixital: A utilización das TIC como medio para o coñecemento dun mesmo/a: intereses, capacidades, valores e necesidades. Tamén para coñecer o entorno social, cultural e laboral. Uso responsable das TIC, privacidade, ciberacoso.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender: O traballo no desenvolvemento de habilidades sociais é unha constante no noso departamento, mediante programas específicos e a través de todos aqueles que desenvolvemos nos distintos niveis. Trátase de que o alumnado adquira unha perspectiva axustada dun/ha mesma/o en relación aos demais, tome conciencia das propias habilidades e destrezas sociais e cultive a asertividade, a empatía e as actitudes de diálogo e resolución de conflitos.

Competencia cidadá: A importancia de educar alumnado competente nun contorno no que o coñecemento avanza a gran velocidade é un dos retos ao que se enfrenta a educación no século XXI. A competencia cidadá vai moito máis aló de traballar as habilidades cognitivas: a autoesixencia, a responsabilidade, confianza nunha mesma/o, vontade, fortaleza, apertura ao cambio, mentalidade creativa e innovadora, espírito crítico.

Competencia emprendedora: A participación do alumnado na vida do centro como membros de pleno dereito da comunidade educativa, con dereitos e

responsabilidades, é unha das vías que se van impulsar dende o departamento de orientación para desenvolver alumnado autónomo e con iniciativa, á par que socialmente competente e responsable.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

As funcións do departamento de orientación desenvolveranse en torno a tres ámbitos de

actuación estreitamente interrelacionados:

Apoio ó proceso de ensino e aprendizaxe, o que supón facer propostas sobre os distintos elementos que forman parte de dito proceso (obxectivos, contidos, avaliación e orientacións metodolóxicas), nos diferentes niveis da planificación curricular (Proxecto curricular, Programación de Aula...), tanto no relativo ás medidas educativas ordinarias, como extraordinarias. Todas estas accións irán marcadas por unha forte vocación preventiva e inclusiva. Dada a publicación da actulización da normativa en atención á diversidade (Orde do 8 de setembro, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011), este departamento velará pola oportuna aplicación das medidas necesarias para o alumnado con dificultades.

Apoio na organización do Plan de Acción Tutorial, elaborado conxuntamente co profesorado titor ao que dotaremos dos materiais e ferramentas necesarias e co que cooperaremos directamente na aula no momento que sexa necesario. Para que ese traballo cooperativo sexa unha realidade que vaia máis alá das boas intencións a xefa do departamento de orientación teremos reunións semanais de coordinación co profesorado titor dos diferentes niveis da ESO.

Apoio á organización e desenvolvemento da orientación académica e profesional do alumnado, para axudarlle nos procesos de toma de decisións. Para elo, fomentaremos un clima no centro no que o alumnado tome decisións conscientes sobre os aspectos organizativos que lles afecten e tamén sobre os seus propios procesos de ensino e aprendizaxe. A capacidade de tomar

decisións ten que ir moito máis aló das transicións educativas. Tamén neste eixo, debemos manter e actualizar unha Aula Virtual que xa está funcionando dende o último trimestre do curso 19/20, con toda a información necesaria para tódolos niveis da ESO e BAC, para a Toma de Decisións:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/aulavirtual/course/index.php?categoryid=39>

4.1.As actuacións prioritarias para o curso 2022-2023 son:

4.1.1.Actuacións relacionadas coa diversidade:

Asesorar a toda a comunidade educativa sobre o contido do Proxecto Educativo e dos documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.

■ **Deseñar e promover medidas de atención á diversidade de carácter inclusivo.**

Seguiremos traballando para lograr que o 100% de atención ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo por parte da especialista en Pedagogía Terapéutica se leve a cabo dentro da aula ordinaria. Sendo conscientes de que isto supón un esforzo e un traballo conxunto co profesorado aínda reacio a traballar de xeito colaborativo e cooperativo con esta especialista, os beneficios son tales, que entendemos que non podiamos camiñar noutra dirección. Sen embargo, as medidas preventivas para frear os contaxios da COVID-19 obrígaronnos a dar un paso atrás. Conscientes do retroceso que esta circunstancia supuxo, polo pouco ecolóxica que é, e pola etiquetaxe do alumnado susceptible de recibir esta axuda, aspiramos a que sexa o máis temporal posible, tendo sempre en mente o obxectivo de normalizar o apoio na aula de procedencia do alumnado, e recuperar esta forma de organizar o traballo da PT en canto as circunstancias nolo permitan. Neste senso, estimamos que no curso actual 22/23 polo menos o 70% dos apoios poida desenvolverse en aula, e si esta porcentaxe non é maior, é pola reticencia do profesorado a que outro docente entre con eles/as en aula. Seguimos atopándonos con esta eiva e este tabú, tan difícil de modificar, anque agardamos que coa Formación do Profesorado na atención á Diversidade consigamos mudar esta realidade.

Elaborar e poñer en práctica medidas de atención á diversidade destinadas á prevención e detección precoz de dificultades na aprendizaxe (reforzos educativos nos diferentes niveis por parte do profesorado especialista na materia).

Manter unha coordinación estreita e constante cos Servizos Sociais municipais coa fin de dar unha atención integral ao alumnado en situación de desvantaxe sociofamiliar.

4.1.2.Actuacións relacionadas co plan de acción tutorial:

Consolidar o papel do Departamento de Orientación como vertebrador da acción tutorial dando soporte ao profesorado titor, dotándoo de ferramentas educativas e colaborando na resolución daquelas cuestións puntuais que demanden. Como obxectivo este curso, planeamos partindo do xa aprobado Plan de Acción Tutorial, incorporar as novas características e programas que estamos a desenvolver no centro, e que están recollidos neste documento-guía do traballo cooperativo de docentes e departamento de orientación. Este curso, dando continuación ao traballo comezado no anterior, a proposta pasará por traballo na Igualdade de Oportunidades, empoderamento feminino e eliminación das violencias machistas, xa que este departamento impulsará a participación en varios Plans-Proxecta con estes obxectivos, e coa educación afectivo-sexual do alumnado.

Tamén cabe destacar a **elaboración dun Protocolo de Intervención por parte das Persoas Tutoras**, que este departamento elaborou en colaboración co Equipo Directivo e por petición da inspección educativa, para evitar situacións que se deron noutros curss. Dito Protocolo recolleuse, como addenda ao PAT do centro.

Para reforzar o desenvolvemento das titorías, creamos un curso na Aula Virtual para as persoas titoras, nas que poden acceder a tódalas actividades, temporalizadas, desenvoltas e con recursos para afondar nalgunhas cuestións, xunto cun foro de intercambio de opinións e suxestións de mellora para compartir

co grupo de titorías, e uns criterios e métodos de avaliación das actividades propostas

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/aulavirtual/course/view.php?id=464>

Como consecuencia, do proceso de implementación, faremos de forma trimestral e ao final de curso unha avaliación do desenvolvemento do PAT conxuntamente co profesorado titor e co alumnado para propoñer aquelas posibles melloras que se consideren necesarias de cara aos cursos vindeiros.

4.1.3.Actuacións en relación coa convivencia e a educación en valores:

Este curso retomamos o Equipo de Igualdade: tras a formación recibida no curso anterior, imos retomar esta liña, favorecendo a participación en experiencias educativas con outros centros, e implicando a docentes, alumnado e familias neste programa como axentes activos. Co obxectivo de que comece o seu funcionamento oficial neste curso.

Continuar coas reunións de coordinación coa Xefatura de Estudos, e o equipo Directivo para intercambiar información, participar no asesoramento de accións correctoras e na valoración de accións conxuntas cara a diminución de incidencias ou aplicación de protocolos.

4.1.4.Relacionadas co Plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso

Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios/as e as persoas responsables da súa execución, así como a temporalización correspondente.

Realizar a memoria final de curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

4.1.5.Relacionados co drdoriente/drdadi

Facilitar, en forma en prazo, a información que se demanda nas correspondentes aplicacións informáticas.

4.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Partimos da idea de que todo profesorado é por definición titor/a con independencia que de xeito formal sexa designado titor/a dun grupo de alumnos/as, xa que a titoría e a orientación do alumnado son elementos da función docente. Todo o profesorado está influíndo constantemente sobre o alumnado na forma de construír o seu autoconceito, elaborar expectativas e trazar o seu proxecto de vida.

4.2.1.OBXECTIVOS.

I. Con respecto ó alumnado:

Facilitar a integración do alumnado no seu grupo de clase e no conxunto da dinámica escolar.

Coñecer os intereses, aspiracións e actitudes do alumnado.

Afondar na xestión emocional durante o confinamento e nas circunstancias actuais de restricións e nova normativa social.

Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades, artellar as respostas educativas axeitadas e planificar no seu caso os oportunos asesoramentos e apoios.

Traballar na educación e xestión emocional do alumnado, como forma de prevención de episodios de ansiedade, e para mellorar o benestar físico e psicolóxico da comunidade educativa.

Favorecer os procesos de maduración vocacional.

Fomentar no grupo de alumnas e alumnos o desenvolvemento de actitudes participativas no centro e no seu entorno.

Proporcionar no alumnado estratexias de resolución pacífica dos conflitos que van xurdindo, tanto dentro como fóra da aula, como consecuencia da relación co resto dos membros da comunidade educativa.

II. Con respecto ó profesorado:

Asesorar ó equipo directivo ante a necesidade de que existan programas adaptados e diversificados.

Colaborar e asesorar en canto á elaboración dos Plan de Recuperación Personalizados para o Alumnado que debe permanecer un ano máis no mesmo nivel.

Proporcionar técnicas ós titores para realizar dinámicas de grupos.

Coordinar o axuste das programacións ó grupo de alumnos/as, especialmente no caso das respostas educativas ante necesidades especiais.

Asesorar sobre as posibilidades de apoio ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o proceso de levar a cabo adaptacións e diversificacións curriculares.

Coordinar a formulación do Consello Orientador do alumnado.

Proporcionar e promover o uso de técnicas e estratexias para a resolución pacífica dos conflitos.

Coordinar o proceso avaliador que leva a cabo o profesorado do grupo, así como en xeral a información acerca do alumnado.

III. Con respecto ás familias:

Fomentar ó establecemento de relacións fluídas entre as familias e o centro.

Implicar ás familias nas actividades de apoio e orientación dos seus fillos e fillas.

Informar ás familias da marcha do proceso educativo dos seus fillos e fillas, así como solicitarlles aquela información referente ó ámbito familiar relevante para o proceso educativo.

Asesorar e informar as familias sobre a estrutura do sistema educativo e a lexislación educativa.

Asesorar e informar ás familias no apoio ao estudo dos fillos/as ante a docencia a distancia ou en situacións de confinamento, especialmente co alumnado con n. e. e.

4.2.2 ACTIVIDADES.

I. Con respecto ó alumnado:

En 1º, 2º , 3º e 4º da ESO nas reunións semanais desenvolveremos a coordinación do profesorado titor do mesmo nivel. A necesidade de coordinación xiraría ao redor dos seguintes aspectos:

Analizar a evolución dos grupos, estudio de casos ou problemas.

Analizar e avaliar as sesións de tutoría anteriores (informe do profesorado, evolución do alumnado, adopción das estratexias de aprendizaxe...).

Presentar e preparar as sesións de tutoría seguintes (tema, obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía...).

Entendemos que a hora semanal de tutoría é un espazo no que o alumnado pode falar as cousas que son importantes para elas e eles, que lles preocupan como adolescentes. Do mesmo xeito, permite ó titor/a coñecelos individualmente e como grupo, podendo facer unha importante labor de prevención escolar, problemas de convivencia, etc. E velaremos por que as horas de tutoría, sexan respectadas e desenvoltas neste senso polo profesorado titor, xa que detectamos que algúns docentes viñan dando clase ou deixando a hora para estudar, sen empregar esta hora coa fin coa que se planeou.

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA 1º DA ESO

Cuestionario persoal do alumnado (Datos sobre a data de nacemento, materias que	1º Trimestre (Setembro)

máis lle gustan, afeccións, lecturas...).	
Elección delegado/a da clase.	1º Trimestre (Setembro)
Cuestionario sobre o estado da aula.	1º Trimestre (Setembro)
Programa de Ed. Emocional	Os tres trimestres
Conciencia Emocional	1º Trimestre
Regulación Emocional	2º Trimestre
Autonomía Emocional	3º Trimestre
Actividades de cohesión e coñecemento do grupo.	1º Trimestre (principios outubro)
Autoavaliación e preparación da 1ª avaliación.	1º Trimestre- Decembro
Orientación vocacional- Autoconñecemento (A entrada na adolescencia)	2º-3º Trimestre (depende dispoñibilidade)
Adolescencia: Sexualidade- Afectividade	2º-3º Trimestre (depende dispoñibilidade)
Autoavaliación e preparación da 2ª avaliación	2º Trimestre (Marzo)
“ Prevención do Acoso ou Redes Sociais ”	2º-3º Trimestre (depende dispoñibilidade)
Avaliación das titorías e autoavaliación.	3º Trimestre (Xuño)

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA 2º ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Cuestionario persoal do alumnado (Datos	1º Trimestre (Setembro)

sobre a data de nacemento, domicilio, profesións dos pais/nais, cursos repetidos, materias que máis lle gustan, afeccións, lecturas...).	
Elección delegado/a da clase.	1º Trimestre (Setembro)
Cuestionario sobre o estado da aula.	1º Trimestre (Setembro)
Actividades de cohesión e coñecemento do grupo.	1º Trimestre (principios outubro)
Autoavaliación e preparación da 1ª avaliación.	1º Trimestre- Decembro
Programa de Ed. Emocional	Os tres trimestres
Conciencia Emocional	1º Trimestre
Regulación Emocional	2º Trimestre
Autonomía Emocional	3º Trimestre
“Prevención de Adicións con e sen substancia”	2º-3º Trimestre (depende dispoñibilidade)
Avaliación das titorías e autoavaliación.	3º Trimestre (Xuño)

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA 3º da ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Cuestionario persoal do alumnado (Datos sobre a data de nacemento, cursos repetidos, materias que máis lle gustan, afeccións, lecturas...)	1º Trimestre (Setembro)

Elección delegado/a da clase.	1º Trimestre (Setembro)
Cuestionario sobre o estado da aula.	1º Trimestre (Setembro)
Actividades de cohesión e coñecemento do grupo.	1º Trimestre (principios outubro)
Programa de Ed. Emocional	Os tres trimestres
Conciencia Emocional	1º Trimestre
Regulación Emocional	2º Trimestre
Autonomía Emocional	3º Trimestre
Igualdade: Estereotipos e Prexuizos no Xénero	2º-3º Trimestre (depende dispoñibilidade)
Orientación académica e profesional: 4º ensinanzas aplicadas/académicas, CFGM, Bac...	3º Trimestre (Maio - Xuño)
Avaliación das titorías e autoavaliación.	3º Trimestre (Xuño)

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA 4º ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Cuestionario persoal do alumnado (Datos sobre a data de nacemento, domicilio, profesións dos pais/nais, cursos repetidos, materias que máis lle gustan, afeccións, lecturas...).	1º Trimestre (Setembro)
Elección delegado/a da clase.	1º Trimestre (Setembro)
Cuestionario sobre o estado da aula.	1º Trimestre (Setembro)

Actividades de cohesión e coñecemento do grupo.	1º Trimestre (principios outubro)
Autoavaliación e preparación da 1ª avaliación.	1º Trimestre- Decembro
Programa de Ed. Emocional	Os tres trimestres
Conciencia Emocional	1º Trimestre
Regulación Emocional	2º Trimestre
Autonomía Emocional	3º Trimestre
Avaliación das titorías e autoavaliación.	3º Trimestre (Xuño)

Ademais dos programas mencionados, ao longo do curso poderase decidir a participación en programas de diversas entidades que nos sexan ofertados (Cruz Vermella, Garda Civil, Concello, etc.) e que sexan considerados de interés polo departamento, o profesorado titor e a CCP, e sempre que se cumplan as medidas sanitarias de prevención recollidas no Protocolo.

Tamén levaremos a cabo varias actividades en días mundiais e outras conmemoracións, en colaboración con outros departamentos do centro. Especialmente relevantes serán o 25 de novembro, día contra a violencia de xénero, e o 8 de marzo, día da muller, pola súa relación con varios programas do Plan de Acción Titorial. Cómpre salientar que o traballo no desenvolvemento de habilidades sociais é unha constante de xeito transversal a tódolos programas que desenvolvemos nos catro niveis da ESO.

4.2.3. Alumnado en risco de abandono escolar

Trátase de alumnado moi diverso que comparten a característica común de vir dunha historia persoal de fracaso escolar.

A tutoría deste alumnado é unha tarefa fundamental e pretendemos facer un seguimento moi intenso deste alumnado. A coordinación da Xefa do Departamento de Orientación coas persoas titoras dos grupos será constante, participando frecuentemente de xeito directo nas sesións de tutoría, si fose preciso, seguimento da posta en marcha da programación, da coordinación do profesorado que o imparte, etc.

En canto ás tutorías afondaremos en aspectos relacionados coa propia autoestima, a adquisición de estratexias persoais para o mundo laboral e información sobre as súas posibles saídas ó rematar o curso. Incidiremos sobre todo nos seguintes aspectos:

Aprender a cumprimentar unha solicitude para ciclos, matrícula nun centro educativo.. (para que o ano que ven poidan solicitala tamén no centro no que continúen estudos).

Dinámicas para favorecer a cohesión grupal e para traballar de maneira práctica o desenvolvemento de Habilidades Sociais.

Utilización de axendas e seguimento das mesmas.

Revisión do comportamento e diálogo sobre as dinámicas do grupo, así como resolución daqueles conflitos que poidan xurdir.

Algunhas sesións grupais ou individuais, para traballar as estratexias para atopar emprego ou buscar información sobre formación: os anuncios en prensa e internet, cartas de presentación, CV, role playings de entrevistas de traballo, formación de adultos, probas libres..

4.2.4. Bacharelato

No bacharelato non contamos con hora presencial de tutoría polo que o desenvolvemento das actividades do PAT queda limitado á atención individualizada daquel alumnado que o precise e das súas familias e á intervención en posibles situacións que xurdan -conflitos, etc.- ou para traballar puntualmente en aspectos concretos, tales como información vocacional ou novidades nas probas de acceso á universidade, ou a demanda do profesorado titor. Intentaremos contar co alumnado de bacharelato nas actividades de conmemoración dos días mundiais. É no

Plan de Orientación Académica e Profesional onde se vai centrar de forma máis directa a intervención do Departamento de Orientación nos dous cursos do Bacharelato.

II. Con respecto ás familias:

Reunión coas familias do alumnado de primeiro da ESO ó inicio do curso para explicarlles as normas de funcionamento do centro, en que consiste a ESO, mostrarlles o centro e dar a coñecer o Departamento de Orientación.

Colaborar co profesorado titor nas reunións grupais.

Entrevistas individualizadas coas familias que o demanden ó longo do curso, especialmente co alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo, problemas sociofamiliares ou de conduta.

Colaboración coa ANPA naquelas actividades que nos demanden:

Charlas, sesións informativas, escolas de nais e pais.

III. Con respecto ó profesorado:

Coordinacións co profesorado titor dos distintos niveis da ESO para preparar as titorías. Nestas coordinacións tamén falarase do alumnado con necesidades educativas ou que precisa algún tipo de seguimento individualizado por motivos condutuais.

Reunións co profesorado dos distintos niveis para falar de aspectos concretos e tomar decisións por consenso.

Asesoramento ó profesorado sobre aspectos curriculares concretos.

Reunións con equipos docentes daqueles alumnos que precisen pautas específicas ou acordos concretos dada a súa situación académica, persoal ou social.

4.3. APOIO Ó PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE / ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.3.1. OBXECTIVOS

Os obxectivos específicos neste ámbito son:

Identificar as necesidades específicas de apoio educativo e necesidades educativas especiais existentes no centro.

Colaborar cos equipos docente na resposta educativa ao alumnado con NEAE/NEE e favorecer que coñezan as súas necesidades, para que poidan ter unha actitude e un trato axeitado a eles.

Colaborar co profesorado na elaboración das Adaptacións Curriculares.

Seleccionar, elaborar e adaptar instrumentos de avaliación do alumnado con NEAE/NEE.

Colaborar co profesorado na selección de metodoloxías e instrumentos e técnicas de avaliación axeitadas para o alumnado con NEAE/NEE.

Propoñer modelos organizativos para dar resposta ao alumnado con dificultades de aprendizaxe (agrupamentos, desdobramentos, reforzos...).

Coordinar a relación coas familia do alumnado con NEAE/NEE e dificultades de aprendizaxe ou de socialización.

Propoñer formación específica na atención a alumnado con neae, especialmente TDAH, e dislexia, dúas das dificultades que están a supoñer máis demandas no noso centro.

4.3.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

a) De carácter preventivo: a atención á diversidade de todo o alumnado vai da man da máxima personalización dos procesos educativos. Neste sentido, a tutoría, a orientación do alumnado, a optatividade, ou unha axeitada avaliación inicial son fundamentais. Mais no ámbito puramente docente a propia programación –o xeito en que se organizan e secuencian contidos–, e de xeito moi específico a metodoloxía didáctica xogan un papel fundamental na prevención de problemas de

aprendizaxe. O noso departamento asesorará a todo o profesorado no relativo á utilización de metodoloxías didácticas participativas, innovadoras e de carácter inclusivo.

b) Medidas ordinarias:

Reforzo Educativo– Orden do 8 de setembro de 2021 pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia , Capítulo IV, Sección 1ª Medidas Ordinarias. O reforzo educativo constitúe a principal medida de atención á diversidade, posto que dá resposta á mesma a través do currículo ordinario, ofrecendo unha ensinanza adaptada a cada persoa. Supón, na labor docente, assimilar diferenzas no interior do grupo-clase como algo inherente á labor pedagóxica e require a avaliación individualizada do alumnado. Partindo da situación inicial de cada un fixaranse metas, procedendo posteriormente a establecer axustes que non afectan a elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación).

Programas de reforzo con exención de segunda lingua estranxeira

(circular 8/2009). Nos grupos de 1º e 2º de ESO contamos con programas de reforzo nas linguas cooficiais.

Plan Específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso. (Sección 1ª Medidas Ordinarias. Artigo 52)

c) Medidas extraordinarias:

Adaptacións Curriculares . (Sección 2ª Medidas Extraordinarias. Artigo 55) Trátase dunha medida de axuste ou modificación na oferta educativa común para dar resposta axeitada ás necesidades educativas especiais do alumnado. Supoñen modificación significativa do currículo prescriptivo e polo tanto deben ser decididas polo equipo docente e a Xefatura de Estudos co asesoramento do Departamento de Orientación, e elevadas á Inspección Educativa para a súa aprobación. Dadas as particulares

características desta medida o asesoramento ao profesorado na súa elaboración, posta en práctica, seguemento e avaliación será unha constante no noso traballo.

Agrupamentos flexibles (Sección 2ª Medidas Extraordinarias. Artigo 56) de matemáticas e línguas en 2º da ESO.

4.3.3. ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DO PLAN

No primeiro trimestre do curso faremos unha xuntanza coas persoas orientadoras dos centros adscritos para revisar os informes do alumnado de 1º da ESO que veñen dos seus centros. Nesta reunión establecemos prioridades en función das necesidades do alumnado que xa tiñamos e as novas incorporacións.

Coordinacións na Aula Virtual ou por correo electrónico, co profesorado titor de cada nivel da ESO analizarase e farase un seguimento das actividades realizadas na aula ordinaria para ir adaptando as actuacións á evolución do alumnado.

Favorecer a prevención de conflitos escolares, revisando e colaborando co equipo directivo e o profesorado a formación dos posibles grupos: para distribuír alumnado con necesidades educativas, repetidor, alumnado con problemas de conduta, etc .

Entrevista telefónica coas familias do alumnado de 1º da ESO que está exento de segunda lingua estranxeira e recibirá nesa hora reforzo nas áreas instrumentais.

Organizar os informes individualizados do curso anterior e facilitarlle a información relevante ao profesorado titor para que coñeza as características escolares do alumnado do seu grupo.

Sensibilización do profesorado do centro sobre a necesidade de dar unha resposta educativa ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Intervención directa proporcionando apoio educativo ó alumnado con necesidades educativas especiais, ao non ser posible na aula ordinaria será, de xeito temporal, na de Pedagogía Terapéutica.

Realización das avaliacións psicopedagógicas e informes psicopedagógicos correspondentes.

Colaborar na elaboración de adaptacións curriculares para alumnado con necesidades educativas (tamén participará a profesora de pedagogía terapéutica).

Asesoramento ó profesorado para establecer a metodoloxía e avaliación do alumnado con NEE.

Entrevistas individualizadas coas familias do alumnado que está recomendado para as distintas medidas de atención á diversidade.

Elaboración dos informes de fraccionamento do currículo de aquel alumnado que se poida beneficiar desta medida de atención á diversidade.

ATENCIÓN AO ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

Contamos, en menor número, con alumnado procedente de Colombia, Venezuela, El Salvador, os Estados Unidos, China ou o Reino Unido, polo de agora, ningunha persoa procedente de Ucraína..

As actuacións a levar a cabo dende polo departamento de orientación en colaboración

con outros departamentos son:

Levar a cabo as actuacións recollidas no plan de acollida para ó alumnado que chega por primeira vez ó centro.

Elaboración dos horarios de apoio deste alumnado, intentando favorecer a súa integración na clase e no centro.

Coordinación co Concello na petición de becas e axudas.

Facer un seguimento deste alumnado en canto ó seu proceso de aprendizaxe e a

súa integración no centro.

Coordinarse coas familias, ou titores/as legais, para intercambiar información co profesorado.

Establecer relacións con colectivos que traballan ou teñen relación co pobo saharai; se é o caso.

Propoñer actividades na titoría que favorezan o respecto multicultural e o coñecemento doutras realidades (festival multicultural, teatro, poesía.....).

Colaborar cos departamentos na elección e elaboración de materiais escolares para traballar con este alumnado.

4.4. PLAN ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

4.4.1.OBXECTIVOS

Coordinar a orientación académica e profesional do alumnado ao longo da súa permanencia no centro, especialmente ó finalizar os estudos e ante a elección das distintas optativas e modalidades.

Proporcionar ó alumnado as estratexias, información e recursos necesarios que lle proporcionen un coñecemento máis obxectivo de si mesmos.

Facilitar o coñecemento dos diferentes estudos e profesións tanto na contorna como no resto de Galicia ou noutras comunidades autónomas.

Axudar ó alumnado a ter estratexias para afrontar o proceso de toma de decisións.

Introducir a perspectiva de xénero de xeito activo e transversal en tódalas actuacións relacionadas coa orientación académica e profesional, propiciando unha toma de decisións non ligada ao xénero e desterrando estereotipos sexistas en canto á selección de estudos e campos profesionais.

4.4.2. ACTUACIÓNS

As actividades previstas para este curso son:

Manter actualizado un panel informativo na entrada do IES: Ciclos de grao medio e Superior, notas de corte, convocatorias de emprego, ABAU, etc.

Manter información pertinente na Aula Virtual, artellada por cursos.

Elaboración dunha guía informativa para cada alumna/o con información importante para súa toma de decisións.

Participación no programa "A Ponte" da USC, con charlas informativas e visitas aos campus.

Charlas sobre a estrutura dos ciclos informativos (por exemplo, profesorado do Ciclo Medio explica os contidos e as saídas laborais).

Charla de ex-alumnos/as que están nalgún Ciclo formativo ou a Universidade. Si é posible.

Colaborar co orientadora laboral do Concello de Rianxo para que o alumnado coñeza a súa oficina e as súas funcións.

Estas actividades levaranse a cabo:

A través do profesorado titor e sempre que sexa posible na hora destinada a titoría.

Pola orientadora cando se trate de actividades concretas, ben en grupo - charlas informativas- ou individualmente.

Nos Ciclos, a través do profesor de Formación e Orientación Laboral.

Na ESO:

En segundo curso desenvolveremos no terceiro trimestre unha ou dúas sesións informativas para o alumnado respecto ás eleccións que teñen que facer xa en terceiro, e tamén sobre a Formación Profesional básica. Desenvolveranse na hora de titoría.

Do mesmo xeito no terceiro curso desenvolveranse dúas ou tres sesións -en función das necesidades detectadas polo profesorado titor- sobre as opcións en cuarto da ESO, a FP

Básica, e as saídas ao remate da ESO.

É no cuarto curso da etapa onde a orientación do alumnado ten que ser máis exhaustiva polas decisións que teñen que tomar ao remate da etapa. En coordinación co profesorado titor desenvolveremos cantas sesións informativas

(Modalidades de Bacharelato, CFGM, Ensinanzas de réxime especial...) e traballo en autoconecemento sexan necesarias para o noso alumnado.

Toda a información que se traballará nestas sesións quedará pendurada na Aula Virtual, de xeito que o alumnado teña accesibilidade á mesma en todo momento.

No Ciclo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia:

Taboleiro de información sobre ofertas de traballo, actividades do Concello, becas, cursos...

Información sobre as posibles saídas laborais e académicas ó finalizar Ciclo Medio.

Elaboración dun cartafol sobre como atopar emprego.

Se é posible traer a unha persoa especializada do Servizo de Emprego público, da Confederación de empresarias/os... que informe sobre aspectos relacionados sobre como atopar emprego ou como montar unha empresa.

Actividades para que o alumnado coñeza as técnicas para atopar emprego (entrevista, currículum, carta de presentación...).

Coñecemento de habilidades sociais que propician unha adecuada inserción no mundo laboral e na interacción cos compañeiros/as.

Colaboración na Aula de Emprendemento de recente creación no noso centro e coordinada pola profesora de FOL.

En primeiro de Bacharelato:

Realizaranse charlas grupais sobre as distintas modalidades ou opcións do seguinte curso, que axudarán ao alumnado a elixir o itinerario máis adecuado de acordo coas súas capacidades, motivacións e intereses. Tamén se atenderá de xeito máis puntual ao alumnado máis indeciso e se iniciará a información sobre Ciclos Formativos de Grao Superior, carreiras universitarias e ensinanzas de réxime especial: artísticas, deportivas...

Toda a información que se traballará nestas sesións quedará pendurada na Aula Virtual, de xeito que o alumnado teña accesibilidade á mesma en todo momento.

En segundo de Bacharelato:.

As actuacións a realizar teñen como obxectivo a toma de conciencia da importancia das decisións que deben tomar, tanto a curto como a longo prazo. Asemade, pretendemos que reflexionen sobre o grao no que lles poden estar influíndo os intereses familiares, as expectativas e os prexuízos poñendo especial énfase naqueles relacionados coa atribución de determinadas profesións a un xénero. Entre as actividades a realizar destacamos as seguintes:

Sensibilización sobre a importancia que ten tomar unha decisión dunha maneira reflexiva e realista.

Cuestionario sobre intereses profesionais.

Información sobre os Ciclos Formativos de Grao Superior.

Distintas vías de acceso á Universidade.

Información sobre as distintas carreiras de acordo coa modalidade cursada.

Información sobre o mundo laboral e diversos procedementos do mesmo.

Acceso á Universidade: probas, impresos, residencias, becas...

Visitas á universidade de Santiago (Programa A Ponte)

Participación en feiras ou salóns da orientación.

Toda a información que se traballará nestas sesións quedará pendurada na Aula Virtual, de xeito que o alumnado teña accesibilidade á mesma en todo momento.

4.5. ATENCIÓN ÓS CENTROS ADSCRITOS E COORDINACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS

Levaranse a cabo as seguintes actuacións:

Coordinar co Departamento de Orientación dos centros adscritos as xornadas de benvida ao alumnado procedente de 6º de primaria: Reunión informativa coas familias e, en substitución á visita ao noso IES organizamos unhas xornadas de acollida para 1º da ESO con actividades de benvida, coñecemento do centro e do novo grupo e de acollida.

Dentro do PFPP do que varios membros do departamento forman parte, está previsto continuar co Equipo de Igualdade co alumnado da ESO e BAC, profesorado e familias.

Coordinación con carácter mensual -ou a frecuencia que sexa necesaria- coa Educadora Familiar do Concello para o seguimento do alumnado con dificultades sociofamiliares.

Coordinación cos servizos de saúde na atención integral ao alumnado que acude a eles, especialmente cos servizos de Neuroloxía e Psiquiatría do CHUS.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do programa de orientación nos seus tres ámbitos de traballo é necesaria por varias razóns:

- Comprobar se a orientación está dando resposta ás necesidades dos estudantes e ó profesorado.
- Poder axustar a programación de futuros cursos aos resultados desta avaliación, facendo así unha adaptación ás verdadeiras necesidades dos destinatarixs. O seguimento e a avaliación das actividades feitas polo Departamento de Orientación faranse tendo en conta:


- 1) As observacións feitas polos propios membros do Departamento.

- 2) Suxestións e informacións que de forma continua aporte o Equipo directivo, os membros do Departamento de Orientación, Claustro, equipos docentes, etc.
- 3) Análise das sesións de tutoría que se realiza nas coordinacións co profesorado tutor de cada nivel.
- 4) Realizar a final de curso unha enquisa online sobre o grao de satisfacción do alumnado coas actividades do Plan de Acción Tutorial na ESO.
- 5) Valoracións de instancias externas: Inspección.
- 6) Ter en conta a opinión da ANPA do centro para a incorporación ou modificación de actividades.
- 7) Valoracións do alumnado que se realicen mediante un cuestionario ou enquisas en cada avaliación e a final de curso.

A día de hoxe, temos solicitada a participación en alo menos, tres Contratos-Programa, dos que aínda descoñecemos a resolución: Inclúe-T, Iguála-T e Convive-T. De xeito que a súa aprobación nos permitiría traballar nesas tres liñas educativas.

Tamén temos solicitados tres Contratos- Programa para desenvolver dentro do Equipo de Igualdade: Quérote+, Donas de Sí e 365 días de Igualdade

Rianxo, 12 de setembro de 2022
Martina Martínez Pérez



Xefa do Departamento de Orientación